

# ESENCIAIS

TRABALLAMOS POLA IGUALDADE.  
DEFENDEMOS OS TEUS DEREITOS

POR UNS SERVIZOS PÚBLICOS, GRATUÍTOS, UNIVERSAIS E DE CALIDADE PARA AVANZAR EN IGUALDADE

- 1 Fortalecer os **servizos públicos** incorporando o principio de igualdade entre mulleres e homes. É necesario distribuír os fondos europeos para combater a crise derivada da pandemia, incorporando a igualdade entre mulleres e homes de forma transversal en todos os sectores, atendendo, tal e como se deduce do Plan para a Recuperación, Transformación e Resiliencia a uns servizos públicos que sexan inclusivos, gratuítos, universais, de calidade e actúen contra todas as formas de discriminación.
- 2 Implementar **Plans de Igualdade** en todas as Administracións, organizacións e entidades públicas, con recursos humanos e económicos apropiados para conseguir a igualdade real entre mulleres e homes. Esixiremos, a todos os niveis, o cumprimento da Disposición sexta do EBEP.
- 3 Implementar medidas para eliminar os mecanismos que perpetúan a **fenda salarial de xénero** nos servizos públicos, que nestes momentos alcanza o 28% en sanidade e dependencia, valorando sectores esenciais que maioritariamente ocupan as mulleres.
- 4 Desenvolver **políticas de corresponsabilidade** entre administracións, empresas e cidadanía, con orzamentos e programas sociais que repercutan desde o espazo público, na conciliación da vida familiar, persoal e laboral.
- 5 **Eradicar a violencia machista** con servizos públicos de prevención e protección. Polo que servizos como son o 016, o servizo cometa ou os centros de atención a vítimas de violencia deberían ser xestionados desde as administracións.
- 6 Garantir unhas **condicións dignas laborais** no Sector da Dependencia. Recursos apropiados e a titularidade pública dos servizos de atención a persoas dependentes.
- 7 Garantir a implementación da **coeducación**, a orientación **non sexista** e os **plans de igualdade** en todas as estruturas educativas, co fin de facilitar o desenvolvemento efectivo da igualdade de oportunidades na formación, a ciencia, a investigación e a cultura.
- 8 Impulsar liñas de protección ante a **feminización da pobreza e a exclusión** que están a padecer unha gran parte da poboación especialmente vulnerable cando se sofren múltiples discriminacións polo feito de ser muller, con distintas capacidades, migrante, nai monoparental, orientación sexual, desemprego ou outras circunstancias.
- 9 Desenvolver **lexislacións en materia de igualdade** con orzamentos e recursos humanos adecuados para que cumpran os fins polas cales foron ditadas. É necesario que no ámbito das Administracións Públicas, os axentes sociais poidamos desenvolver a nosa tarefa sindical na negociación colectiva e de Plans de Igualdade, cos efectivos necesarios. Así como co desenvolvemento dunha **rede de axentes sindicais de igualdade** nos centros de traballo para levar a cabo os diagnósticos, accións positivas e resolución de situacións de discriminación machista.
- 10 Elaborar os **orzamentos desde unha perspectiva feminista** de modo que se contemplan as necesidades, sendo os informes sobre impacto por razón de xénero ferramentas fundamentais para garantir a plena integración do conxunto da cidadanía, tanto para os homes como para as mulleres en todos os ámbitos da vida.